
Estimado/a Sr./a Director/a,

En outubro o Auditorio de Galicia comeza unha nova temporada de actividades didácticas dirixidas aos rapaces e rapazas galegos.

PROCEDIMENTO DE RESESERVA EN LIÑA

Poderá cubrir o formulario no seguinte enlace: <https://form.jotform.com/221173079915054>

Na web Compostela Cultura poderá obter información das distintas actividades, así como descargar as guías didácticas de cada evento.

DATA DE ENVÍO DAS SOLICITUDES

- Dende o martes, 20 de setembro ás 8:30 h poderán enviar o formulario de Compostela Cultura/Auditorio de Galicia os centros de ensino de Santiago de Compostela.
- A partir do mércores, 21 de setembro ás 8:30 h poderán enviar o formulario o resto de Galicia.
- Aquelas solicitudes que non se axusten ao día e hora sinalados, serán desestimadas.

ANTES DE CUBRIR A SOLICITUDE DEBE TER EN CONTA QUE

- Cada centro poderá reservar un máximo de 60 prazas por actuación (incluídos profesores e outros acompañantes) indicando orde de preferencia no formulario.
- Deberán respectar as recomendacións das idades asignadas a cada concerto, así como axustar o número de asistentes ao máximo posible para evitar posteriores anulacións.

ADXUDICACIÓN E PUBLICACIÓN

- A adxudicación realizarase seguindo a orde de recepción dos formularios ata completar todas as prazas de cada evento.

- Co obxecto de que participen nas nosas actividades o maior número de centros de ensino, distribuiremos as solicitudes de xeito equitativo intentando dar resposta á demanda dos mesmos.
- Na páxina web <https://www.compostelacultura.gal/programa-didactico> sairá publicado o listado co nome dos centros admitidos. Aqueles centros que non figuren nesta relación pasaran a unha lista de agarda.

Esperamos que este programa sexa do seu interese. Atentamente,

Xaquín López González

Director-Xerente do Auditorio de Galicia